



Instrucións para cubrir a parte relativa ao recoñecemento de materias no contrato de estudos (*learning agreement*, LA) dos intercambios Erasmus + de estudantes da Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol (EPEF). Curso 2023/24

Á hora de cubrir o contrato de estudos *Online preliminary learning agreement (OLA-Before)*, o alumnado debe consignar os seus datos persoais xunto coa información da Universidade da Coruña (UDC) que se facilita na Oficina de Relacións Internacionais (ORI).

Así mesmo, o alumnado debe encher, a través da aplicación “moveon”, unhas táboas (*table A, table B*), nas que especificará cales son as materias que cursará no seu destino e que materias se recoñecerán do plan de estudos que cursa na EPEF, en función das que se superen no destino. Para incorporar correctamente materias a esas táboas pódese atender ás seguintes tres opcións:

Opción 1: a materia da EPEF é troncal ou obrigatoria e xa ten unha equivalencia na táboa que aparece na ligazón seguinte:

[Táboa de equivalencias](#)

Esta táboa de equivalencias é dinámica e nela iranse incorporando as que se vaian establecendo ao longo do tempo. Polo tanto, é posible que non estea actualizada e haxa materias que no momento de consultala non figuren no plan de estudos, tanto no destino como na EPEF. Téñase en conta que **se dúas materias da EPEF figuran na táboa coa mesma equivalencia no destino, debe consultar coa persoa que leve a súa titoría académica de intercambio na EPEF** a posibilidade de incorporar as dúas ao contrato de estudos.

Opción 2: a materia da EPEF é troncal ou obrigatoria e non ten equivalencia no destino na táboa de equivalencias.

Neste caso, o alumnado buscará todas as materias na universidade de destino que entenda que poden ser obxecto (individualmente ou mediante algunha combinación das mesmas) de equivalencia e consultará á persoa responsable da súa **titoría académica de intercambio na EPEF** (consúltase a táboa 1) se procede establecer esa equivalencia, mediante unha mensaxe de correo electrónico no que adxuntará o modelo (que se pode descargar desde: [modelo de solicitude](#)) cuberto con todas as súas solicitudes. No momento de realizar a solicitude deberase ter en conta:

- a) É preciso proporcionar toda a información necesaria sobre a materia de destino (código, nome, número de créditos, contidos, avaliación, etc.) con que quere establecer a equivalencia, preferiblemente cunha ligazón á guía docente desta materia ou adxuntando a mesma.
- b) Especificarase con que materia da EPEF se pretende establecer a equivalencia (código, nome e número de créditos).

Se a persoa responsable da **titoría académica de intercambio da EPEF**, previa consulta ao responsable da materia ou da titulación, dá a súa conformidade para a equivalencia, a materia incorporárase á táboa de equivalencias e xa se poderá incluír no contrato de estudos. De non proceder a equivalencia, engadírase á táboa como «non equivalente».



Opción 3: as materias da EPEF son optativas.

O alumnado escollerá as materias que está interesado en cursar no destino e xunto coa persoa responsable da **titoría académica de intercambio da EPEF** establecerase unha equivalencia por materias optativas da EPEF atendendo ás seguintes especificacións, que se incluírán no propio contrato de estudos:

O recoñecemento de materias optativas farase seguindo estes criterios:

- a) Tras superar créditos optativos na universidade de destino, obterase o recoñecemento dun grupo de materias optativas cuxa suma de créditos sexa o número máis próximo, sen superalo en máis de dous créditos, ao dos superados en destino. A cualificación das ditas materias será a mesma en todas elas, co valor da media ponderada das materias optativas superadas na universidade de destino.
 - b) As materias optativas non superadas na universidade de destino cualificaranse na UDC co valor da media ponderada. En ningún caso este valor poderá ser superior a 4,9.
-

Malia a discrecionalidade que o alumnado posúe á hora de escoller as materias cursadas no destino que se validarán por materias optativas da EPEF, ha de considerar que se debe complementar axeitadamente o currículo da titulación que se está a cursar. En caso de discrepancia en termos de adecuación nese aspecto, a decisión quedará ao criterio da persoa responsable de Relacións Internacionais da EPEF. Téñase en conta que, no que a materias optativas se refire, o cómputo faise en función do número de créditos, non de materias, polo que as materias optativas serán consideradas como un bloque e se computará o número total de créditos tanto no destino como na EPEF para o seu recoñecemento.



No caso de ter dúbidas no proceso de elaboración do contrato de estudos, o alumnado pode poñerse en contacto:

a) coa ORI do campus de Ferrol:

Ana Pérez Ramos: riferrol@udc.gal / + 34 881 01 3634

b) coa persoa que sexa a súa **titora académica de intercambio** na EPEF:

Grao en Enxeñaría Eléctrica (GEE)	María Belén Montero Rodríguez belen.montero@udc.es
Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	
Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica (GENO)	
Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (GETI)	Francisco Javier González Varela f.gonzalez@udc.es
Grao en Enxeñaría Mecánica (GEM)	
Máster en Enxeñaría Naval e Oceánica (MENO)	Coordinador/a da titulación
Máster en Enxeñaría Industrial (MUEI)	
Máster en Informática Industrial e Robótica (MUIIR)	
Máster en Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade (MUEES)	
Máster en Materiais Complexos, Análise Térmica e Reoloxía (MMCC)	
Máster en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos (MUDDCV)	
Máster en Fabricación Aditiva (MUFA)	

Táboa 1. Titorías académicas de intercambio da EPEF

c) coa persoa responsable de Relacións internacionais da EPEF:

- Marco Antonio Campo Cabana mobilidade.epef@udc.gal / 881013893